

Ola, eu son Erea e son unha das fillas de Alma que é un dente de león. De momento sigo pegada a ela pero cando chegue o día voarei cos meus irmáns polo ceo e verei o amencer dende o máis alto. Teño medo a que nos pase o que lle pasou á tía Uxía. Un día un neno viuna, arrincouna e soprou, todos os meus curmáns marcharon voando sen paradeiro e caeron todos na estrada. Ben, o día chegou, dun momento a outro soprou un refacho de vento e levounos a todos, sen poder facer nada para despedirnos da nosa nai. Nas primeiras horas xa nos espallamos, algúns xa caeran nalgún lugar e outros seguíamos voando polo aire deixándonos levar. Pasou un día e eu xa estaba eufórica por saber onde ía rematar, xa non se vía a vila e iso púxome nerviosa porque non sabía se o meu final seía feliz. Pasaban as horas e eu ía de refacho en refacho parando nalgúns lugares pero sen estar fixamente en ningún. Na noite do día tres, de viaxe, caín nun xardín dunha casa da cidade, era un xardín fermoso! Cando se fixo de día decateime que na casa vivía unha familia composta por dous nenos e dúas nais. Ao principio sentín medo por se os nenos íanme facer dano pero despois descubrín que eran moi respectuosos e gozaban da natureza observándoa e non destruíndoa e iso pareceume marabilloso. Ao final acabei tendo sorte, nun xardín sen perigo pero con morriña de estar con mamá.

Alba López Yebra 3º ESO-A

DE VOLTA ÁS CORES

Todo comezou cunha nena chamada Claudia.

Vivía nunha cidade sen cor, soamente branco e negro.

Un día a súa nai levouna de tendas, xa que precisaba roupa e sobretudo zapatos.

Na tenda só atopaban prendas de cores apagadas: negro, branco, gris...

A súa nai decatouse do seu desgusto e pediulle que dera unha volta á tenda. Niso, ela atopou nun recuncho un raio de cores.

Eran os zapatos máis fermosos do que calquera podería imaxinar; pero sabía que tamén serían considerados peculiares pola xente da cidade. Mais a ela non lle preocupaba ser a ovella negra do rabaño.

Colleunos e amosoullos á súa nai. Ao velos, pensou que á xente lle parecerían desagradables e negoullo, xa que nunha comunidade o de ser diferente podería levala á discriminación.

De camiño a deixar os zapatos Claudia pensou que non era xusto que o que pensara a xente fora lei de ouro e decidiu demostrarlle a súa nai que non sempre as diferenzas son algo malo.

Escolleu uns zapatos brancos e ao chegar á casa colleu as súas cores do estoxo e comezou a enchelos de debuxos.

Ao día seguinte levounos á escola con éxito. Causou interese e os nenos comezaron a imitala.

As tendas recrearon aquela gran idea.

O considerado peculiar converteuse nunha gran innovación.

3º A-ESO Mencía Rego.V.

Unha nova realidade

Era unha vida moi normal, corrente, ata que un día unha triste noticia chega ás nosas vidas e apártanos de todo o que apreciabamos. Prívanos de ver os nosos seres queridos: avós, tíos, curmáns, padriños, amigos... Sen poder ir ao instiuto, escolas...Ter que empezar a tapar parte do noso rostro cunha máscara. Eu persoalmente miraba o televisor e o único que saían eran as mortes que houbo en tan pouco tempo, as únicas cousas para poder ver aos meus seres queridos era facer videochamada con eles e por último, como estabamos aínda estudando, tivemos que facer as nosas clases a través de internet. Tamén recordo cando ás oito da tarde, todos os días saíamos ás fiestras da nosas casas a aplaudir a todos os que traballaban moi duro para que as cousas mellorasen e se puxeran mellor.

Era o ano 2019, o covid chegou ás nosas vidas para quedar, con todo isto tivemos que aprender a adaptarnos a todas as normas para aprender a convivir con el ata o día de hoxe no ano 2022.

Zaida Recioy Carballeira 3º A ESO-A

O tempo pasa tan rápido que ás veces chega a sorprendernos a velocidade coa que transcorren as cousas. Cando somos pequenos estamos desexando facernos maiores e ao final, canto máis maiores nos facemos máis ganas temos de volver a ser aqueles rapaciños cuxa única preocupación era que os nosos pais nos levaran ao parque a xogar cos nosos amigos. Supoño que esa ansia por querer medrar é normal: cando somos pequenos observamos o mundo dun xeito diferente, cunha inocencia característica dos rapaces desa idade e, como é evidente, sen saber o difícil que é medrar e ver como cada vez as cousas se van complicando e non resultan tan doadas como nos parecía. E parece que foi onte cando falaba coas miñas amigas sobre o que queríamos estudar e a

nosa futura casa xuntas. E pasa o tempo e cada vez temos máis claro que aquelas conversas eran unha tontería, pero unha tontería que ilusionaba a unhas rapazas de dez anos que pensaban que estarían xuntas para toda a vida. Medramos física e mentalmente e canto máis medramos, máis queremos volver a aquelas charlas cheas de ilusión e inocencia. Que contradictorio, non si? Pasamos de querer que o tempo transcurra á velocidade da luz a desexar poder retroceder nel e recuperar a aqueles nenos que soñaban sen saber o que supoñía facerse maior

Candela Fernández Vázquez 4º A-ESO

Tal vez ti sexas o problema

O ego, sempre estaba presente en ti, o drama era o teu mellor papel. Dicíasmeme que era o amor da túa vida e que non podías vivir sen min, eu estaba rota, confíei en ti, e tan só o empeoraches. Os meus amigos, avisaronme das túas intencións: “Non lle deas o teu corazón a alguén que o ten roto”, pero engaiolábasmeme como as ondas do mar. Tratába de fuxir, pero o tu cárcere era o meu paraíso. Descubrí que o teu punto de vista non era o correcto, contigo a culpa era sempre miña. Sentín o desexo de control, na túa escura mirada. Traballei en min mesma, abrín os ollos e agora as tornas cambiaron.

Espero que te decates, do dano que me fixeches. Foi difícil esquecerme,pero agora farei que nunca me esquezas. Estarás berrando por min, pedíndome perdón, correndo en círculos ata chegar ao meu corazón. Pero creme, sempre estarás só. Pensabas que era unha doce flor, pero ninguén che dixo, que: NADA é o que parece? E... lembras as últimas palabras que me dixeches, non? Pois foron estas: “Ti es o problema da miña desgraza”.

Pero en realidade...

Tal vez ti sexas o problema :)

María Penín García 4ºESO-A

A apocalipse

Coma todos os venres atopábame vendo a canle das novas no meu cuarto, cando de súpeto oín uns berros que viñan do exterior da miña casa.

Levanteime preocupada e achegueime ata a fiestra.

Na rúa víase como os cidadáns estaban escapando de algo, pero non logrei visualizar o que era.

Como tiña posto os informativos, escoitei que dicían que todos os cidadáns da nosa cidade terían que ir a zonas seguras, xa que había unha especie de monstros camiñando pola rúa, así que eu baixei da miña casa. Levaba comigo unha arma feita de pau, que tiña un coitelo nun extremo e que se usaba mediante a tecnoloxía.

Pasei uns días na zona segura que estaba rodeada dunhas varandas que eran mortais para eses monstros.

Un día, un dos monstros conseguiu entrar na zona segura matando así a moitas das persoas que alí se atopaban.

Con sorte, eu formara un grupo de seis persoas para combater contra eses seres e despois de pensalo moito, decatámonos de que había que matar o “líder da pandilla” para acabar con toda esta pandemia.

Sara Gómez Barcón 4º A-ESO

SAUDADE

Sorrisos, bágoas, inquedanzas.
Salaos de ledicia, de tristura.
Amor que enche a alma.
Agarimo que enriquece o meu interior.

Eternas noites de inverno.
Efémeras tardes de verán.
Pequenos instantes,
tan fugaces e pasaxeiros.

O recuncho daquel pradiño
no corazón do meu fogar.
Escóitase un algareo de risos,
de almas puras e inocentes.

Momentos inesquecibles
Vivencias nostálxicas
Lembranzas moi presentes
Memorias ancoradas no pasado.

Ai, querida infancia !
Oxalá retroceder no tempo.
Oxalá volver atrás.
Parar e non avanzar.

Jennifer Fernández Fariñas 4º eso-A

O TEMPO FOXE

O tempo,
unha fortuna no medio do deserto,
símbolo dos nosos sentimentos,
lembranzas dos nosos antergos e
vivencias que xamais esqueceremos
na viaxe polo camiño dos espellos.

Espellos que reflicten
aqueles sons e desexos
de cando fun neno, coa
inocencia pegada á miña alma
pensando que o tempo
pasaría paseniño.

A lúa volverá pasar,
no pasado volverei reflexionar,
o tempo non o volveremos recuperar
mais na miña memoria
os recordos sempre perdurarán.

Ainhoa Reija Crespo, 4ESOA

Os soños voando marcharon,
os soños perdidos,
desexos benvidos.

Voando marcharon,
os desexos amados,
somos agardados.

Voando esperei os soños,
aqueles que me transmitiches,
aqueles que me quitaches.

José Ramón Maseda Carracedo 4º ESO-A

Son unhas imaxes de esperanza
Ou tamén de desilusións
Non todo é un sorriso
Ou recordos cheos de emoción
Son, sen dúbida, algo máxico

Aitana López Iglesias 4º ESO-A

Amor, paz, tranquilidade
valores tan necesarios
pero moi ausentes
nesta sociedade

Marcada por ideais
prexuízos, modelos a seguir
necesitamos liberdade
que cada un faga o que queira
o que lle apetece

Lorena Pérez Vázquez 4º ESO-A

